

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de SVPOX núm. 15-J-0093/04 presentada pola entidade promotora EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA S.A. (EMUVISSA).

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de SVPOX núm 15-J-0093/04.

As características da promoción son as seguintes:

Localización: SUNP - 15, PARCELA R-8.7 - PONTE PEREDA - CONXO - SANTIAGO

Forma de acceso: compra

Estado de execución: Obra rematada

Data prevista de remate: Finalizado

Número e tipoloxía das vivendas: 4, para quenda Xeral.

Cada vivenda consta de:

- planta baixa + 1ª cunha superficie útil de 87,68 m²
- Planta soto: garaxe superficie útil de 25 m²; rocho de 6 m²

Prezo de venda por vivenda (sen IVE): 128.896,38 €

Forma de pago: 100% no momento da formalización da escritura.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010. Non se admitiran solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas protexidas de promoción privada non resolto no que o interesado figurase como reserva.

A Coruña, 04 de outubro de 2011.

O Xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas

Asdo.: Jose Antonio Álvarez Vidal

ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. _____ con D.N.I. num _____,
Inscrito/a no rexistro de demandantes de vivenda protexida co número de credencial _____, tfno. de contacto _____, á vista da apertura do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de SVPOX número 15-J-0093/04, na modalidade de compra, promovido EMUVISSA no SUNP - 15, Parcela R-8.7 - Ponte Pereda – Conxo, concello de Santiago.

EXPÓN

1º Que, interesado/a nas vivendas protexidas da devandita promoción, solicita a inclusión no procedemento para a súa adxudicación.

2º Que, no caso de resultar adxudicatario/a, autoriza ao IGVS a facilitar os seus datos persoais á empresa promotora, para os exclusivos efectos de realizar a comunicación prevista no artigo 38.2 do Decreto 1/2010 para a formalización da compravenda.

_____, ____ de _____ de 201__

Sr Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Praza Luis Seoane, s/n. A Coruña